

Historias que deixan pegadas nos nenos e nenas que veñen escoitalas


Pegadas de conto

Usar a literatura para traballar os contidos da aula

Todos os nenos séntense atraídos polo mundo dos contos e, por iso, pensamos que os educadores poden aproveitar ao máximo o potencial pedagóxico dos contos coas nosas sesións de contacontos para infantil.

Selección de contos:

- ✓ Qué fai falta?
- ✓ Tu canción
- ✓ Orelas de bolboreta
- ✓ Al furgón!
- ✓ A banda de Vilacendoi





Duración: 45 min. aproximadamente

Aforo: máximo 50 nenos e nenas con dous educadores

Espazo:

- lugar illado acusticamente. Serve a biblioteca ou aula de psicomotricidade, pero non durante o recreo
- suficiente e cómodo para que os nenos e nenas senten no chan
- precísase unha cadeira sen brazos e un espazo libre de obxectos de aproximadamente un metro ao redor
- con toma de corrente (para poñer música de fondo)



Todo debe estar preparado antes da chegada da contacontos, unha media hora antes da sesión.

Proposta de traballo:

Os contos poden servir de motivación e introdución para abordar algún tema de Educación para a Cidadanía Global, a Solidariedade e o Desenvolvemento...

Podedes organizar a actividade, reflexión, expresión artística, etc. que os apeteza pero pregámosvos que as compartades connosco a través do correo importantos@importantos.org.

Qué fai falta? *Gianni Rodari*

http://www.kalandraka.com/fileadmin/images/books/dossiers/Que-fai-falta-G_01.pdf

Para ter unha mesa fai falta madeira,
para ter madeira fai falta a árbore,
para ter a árbore...

Contidos Educación para o Desenvolvemento: pegada ecolóxica, sustentabilidade

Orelas de bolboreta *Luisa Aguilar*

http://www.kalandraka.com/fileadmin/images/books/dossiers/Orelas-de-bolboreta-G_01.pdf

Ter as orelas grandes, o pelo rebelde, ser alto ou baixo, fraco ou gordecho... Ata a cualidade máis nimia pode ser motivo de parodia entre os nenos. Cómpre un libro para demostrarlles, tanto aos que fan como aos que reciben algún comentario despectivo, que eses comportamentos son reprobables.

As características que nos diferencian hai que poñelas en valor para que nos distinguan como seres especiais e únicos. Recoñecer e mesmo reivindicar a diferenza fainos fortes, aceptándonos como somos e reforzando a nosa personalidade.

Contidos a traballar durante a actividade: igualdade

Tu canción *Inés Castel-Branco*

http://www.fragmenta.cat/cubierta-y-fragmento_504721.pdf

Contidos a traballar durante a actividade: interculturalidade, esterotipos e prexuizos

Al furgón! *Henri Meunier, Nathalie Choux*

[http://www.takatuka.cat/lilibre.php?id=55&iAl+furgón!|Henri Meunier|Nathalie Choux](http://www.takatuka.cat/lilibre.php?id=55&iAl+furgón!|Henri+Meunier|Nathalie+Choux)

Contidos a traballar durante a actividade: migracións, mobilidade, dereitos humanos

A banda de Vilacendoi *Xulio Gayoso*

http://www.kalandraka.com/fileadmin/images/books/dossiers/A-banda-de-Vilacendoi-G_01.pdf

Vilacendoi non é un nome ficticio. Este lugar existe e está situado a poucos quilómetros de Lugo, na beira do Miño. Esta pequena aldea está formada por un reducido grupo de casas labregas, típicas da bisbarra. En moitas desas vivendas pode que aínda se garden os instrumentos da banda de música local, que tamén existiu. As xeracións actuais de adultos non chegaron a gozar dela, pero oíronlles falar aos anciáns da súa boa fama. O autor e ilustrador desta obra considera “un milagre” que unha banda de música de dimensións e recursos limitados chegara a brilar naquel

tempo, de aí a homenaxe que lle brinda con este libro. Nel recorre ás súas lembranzas da nenez, aos ecos da voz de quen foi testemuña de memorables noites de verbena ao son daquela banda. O seu relato é unha especie de crónica rural que permite descubrir elementos do estilo de vida no campo, a diversidade de animais domésticos, a beleza da paisaxe. Chega a describir mesmo os seus tempos difíciles, nos que a despoboación e mailo envellecemento dos seus habitantes fan temer polo futuro de Vilacendoi. Pero eses temores disípanse coa chegada de sabia nova, de novos veciños que converten Vilacendoi nun grato exemplo de integración social e racial. “Se pretendes ser universal, fala da túa aldea”, escribiu León Tolstoi. Xulio Gayoso apela a esas palabras e elabora neste traballo unha fermosa mestura de maxia e saudade, de futuro e esperanza. Vilacendoi convértese así na aldea dos seus sonhos.

Contidos a traballar durante a actividade: migracións, interculturalidade